

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación do Concello de Carballo, en Sesión extraordinaria do luns 2 de marzo de 2020, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- Ampliación de aparcamento regulado con zona azul do concello de Carballo - 9ª fase. Aprobación inicial. (CIPUM de 24/02/2020).

Primeiro.- Aprobar a ampliación da Zona Azul nas seguintes rúas:

- Vila de Negreira: Implantar a Zona Azul, na marxe dereita e esquerda, desde a altura do número 4 ao 20, cun total de 11 prazas de estacionamento.
- Lugo: Implantar a Zona Azul entre o número 1 ao 7, cun total de 7 prazas de estacionamento.

Segundo.- Ordenar a exposición pública deste acordo durante un prazo de 30 días, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións, reclamacións ou suxerencias ao acordo inicialmente adoptado. De non se teren presentado alegacións, reclamacións ou suxerencias no prazo establecido, considerarase aprobada definitivamente a ampliación do aparcamento regulado con Zona Azul (9ª fase).